

Branca Trigo Cabaleiro (1997) é unha escritora, editora e regueifeira galega. Estudou Ciencias da Linguaxe e Estudos literarios na Universidade de Vigo, onde actualmente realiza a súa tese doutoral. Formouse en improvisación oral en verso no curso do CIOV durante o curso 2016/17 e en música tradicional galega na E-Trad de Vigo.

Codirixe Edicións Malafera, onde publicou os poemarios *Coñecemento do Medo* (2021) e *trans0* (2024), así como varios fanzines. O seu segundo libro, *Condolore*, viu a luz no ano 2022 coa editora Urutau. A súa obra aparece en revistas e nas seguintes publicacións colectivas: *Antoloxía biosbarda para parche* (ruín alteredicións, 2022), *A lingua en futuro: a mocidade imaxina o 2050* (Catroventos, 2023) e *Alguén nos lembrará, antoloxía de relatos LGBTQIA+* (Xerais, 2023). Gañou certames de poesía coma o do Concello de Ames e o da Universidade de Vigo. Colabora como crítica literaria no xornal O Salto.

No terreo escénico, creou xunto con Pablo Rodríguez a peza sobre poesía e videoxogo *Poetry Sniping: Simulacro*, realiza con Ramón Trigo intervencións que fan converxer a poesía e a pintura en vivo e colabora coa artista do *shibari* Yuekun. Coordina xunto con outros autores o micro aberto Cerimonia de Gaivotas e organiza obradoiros de poesía, fanzine e regueifa en centros de ensino e asociacións. En canto á regueifa, ademais de impartir obradoiros, ten participado en festivais e encontros en diferentes lugares do territorio galego. O seu traballo está ligado á experimentación formal e ao vencello da literatura con outras disciplinas coma a música e as artes plásticas.